

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026716	IES Plurilingüe Adormideras	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Cultura audiovisual	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia de Cultura Audiovisual impartirase no bacharelato de artes, concretamente en 1º curso. Pode tamén impartirse como optativa noutros bacharelatos pero serán casos excepcionais. É polo tanto unha materia de esencial importancia porque é a única que van ter neste período escolar relacionada directamente co medio audiovisual. Unha porcentaxe importante destes alumnos veñen xa especialmente interesados e predispostos para cursar esta parte do currículo, do bacharelato de artes, e moitos outros van despertar o seu interese ó coñecer e estudala. Non podemos esquecer que de todos eles algúns van facer do audiovisual o seu medio de vida profesional. Así que debemos tratar de poñer á súa disposición todos os medios tecnolóxicos posibles, sempre en colaboración co equipo directivo, para que as súas ferramentas de traballo estén actualizadas. Temos tamén que servirles de inspiración e axudalos a coñecer as producións audiovisuais de todos os tempos, sempre con entusiasmo e admiración cara a materia, para servirles de acicate. É unha materia moi práctica na súa metodoloxía e moi útil, en xeral, para a vida cotiá, que sen dúbida van disfrutar.

A creación audiovisual forma parte esencial tanto, da expresión artística contemporánea coma, en maior medida aínda, da comunicación mediática que caracteriza a nosa época, polo que entendela resulta útil para desenvolverse no mundo que nos rodea. A materia de Cultura Audiovisual contribúe a iso, xa que lle facilita ao alumnado unhas ferramentas válidas para o procesamento crítico da información audiovisual que lle chega desde múltiples vías e, ademais, proporcióname os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para elaborar as súas propias producións audiovisuais. Para isto último, débense ter en conta os múltiples aspectos que se interrelacionan neste terreo: guión, produción, fotografía, iluminación, son, interpretación, dirección de arte, montaxe etc., todo iso dentro dunha experiencia complexa de traballo colaborativo, o que implica poñer en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos. Igualmente, a práctica audiovisual pon en marcha o pensamento creativo e diverxente do alumnado, o que propicia o desenvolvemento dos valores e o enriquecemento da súa identidade persoal.

Na súa aprendizaxe audiovisual, é conveniente que os alumnos e as alumnas investiguen as solucións que os distintos creadores e creadoras expuxeron en situacións análogas ás que eles mesmos se poden atopar nas súas propias producións, o que permite incidir nun procedemento de traballo que comunica tanto o procesamento crítico da información audiovisual como a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes para realizar proxectos propios. Do mesmo xeito, a análise de producións audiovisuais de diferentes épocas e culturas axudaralles a coñecer o patrimonio audiovisual global e a familiarizarse con numerosas referencias, o que permitirá establecer vínculos con outras disciplinas artísticas, ademais de enriquecer as creacións propias.

En canto ao proceso creativo, resulta importante distinguir entre as pezas con vontade de autoexpresión persoal (como aquelas que se difunden e se fomentan especialmente polas redes sociais e ás que o alumnado adoita estar habituado) e as producións audiovisuais cuns propósitos comunicativos concretos e que impliquen unha mensaxe e uns destinatarios previamente definidos fóra do ámbito persoal. En ambos os casos, a materia de Cultura Audiovisual préstalle unha especial atención á procura da orixinalidade, á espontaneidade na expresión de ideas, sentimentos e emocións a través dunha linguaxe inclusiva e respectuosa e á innovación e ao pensamento crítico e autocrítico. Para iso, dada a natureza híbrida do medio audiovisual, é indispensable apropiarse e controlar os aspectos técnicos de diferentes disciplinas, as súas ferramentas e as súas linguaxes. O alumnado debe aprender a comunicarse con este medio facendo súa a idea do erro ou do fracaso como aprendizaxe e estimulando o desexo de expresar unha visión do mundo propia a través de producións audiovisuais. A análise e a avaliación de todo este proceso permitiralle tomar conciencia do audiovisual como medio de coñecemento e de resolución de problemas, facilitando ademais unha aproximación crítica á súa natureza como o principal transmisor de ideas e contidos no mundo contemporáneo. Esta materia, en definitiva, contribúe de forma decisiva á educación da mirada.

Todo o anterior atópase na orixe dos obxectivos da materia Cultura Audiovisual, que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias clave previstas para a etapa de bacharelato, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal e escrita, a dixitalización, a convivencia a ou a interculturalidade.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques. O primeiro, "Fitos e contemporaneidade na

fotografía e o audiovisual. Formatos audiovisuais", recolle os saberes relacionados coa historia destes medios e a súa situación actual, así como os diversos formatos que xerou o audiovisual. O segundo bloque, titulado "Elementos formais e capacidade expresiva da imaxe fotográfica e a linguaxe audiovisual", comprende os elementos gramaticais e expresivos esenciais para realizar unha análise formal ou as funcións da imaxe. O terceiro bloque, "Narrativa audiovisual", abarca os aspectos necesarios para a creación dun relato audiovisual. Por último, "A produción audiovisual. Técnicas e procedementos" inclúe a planificación por fases, os medios técnicos e a difusión dunha produción audiovisual, así como as técnicas necesarias para o traballo en equipo e a avaliación das producións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar imaxes fotográficas fixas e producións audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, valorando as súas calidades plásticas, formais e semánticas e reflexionando sobre a historia de ambos os medios, para desenvolver o criterio estético, valorar o patrimonio, ampliar as posibilidades de gozar e enriquecer o imaxinario propio.	1-2	1	2	1				1-2
OBX2 - Elaborar producións audiovisuais individuais ou colectivas empregando a propia presenza na imaxe e a banda de son e avaliando o rigor ético e formal dos procedementos, para expresar e comunicar ideas, opinións e sentimentos e construír unha personalidade creativa aberta, ampla e diversa.		1		3	11-12	3	3	31-32
OBX3 - Seleccionar e utilizar as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe e a produción audiovisual, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.) para realizar creacións audiovisuais de forma colectiva e aprender a desenvolverse en circunstancias diversas.		1	3	2-3	31		2	41-42
OBX4 - Determinar o público destinatario dunha produción audiovisual, analizando as súas características e atendendo ao propósito da obra para adoptar a linguaxe, o formato e os medios técnicos máis adecuados e seleccionar as vías de difusión máis oportunas.		1	3	2-3	50		3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A fotografía e o cinema.	Historia da fotografía e o cine. Evolución da técnica e da linguaxe fotográfica e audiovisual. Principais correntes e creadores.	11	16	X		
2	A linguaxe audiovisual e o medios técnicos.	Descrición e valor expresivo dos tipos de plano, tomas, ángulos visuais e movementos físicos e ópticos de cámara. Exposición, enquadramento, profundidade de campo. Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.	11	16	X		
3	Narrativa audiovisual.	O guión literario. Fases para a súa elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada. O guión técnico e o storyboard.	11	16	X		
4	A produción audiovisual	Fases de traballo na produción audiovisual: preprodución, rodaxe e postprodución. Equipos humanos: dirección, produción, fotografía e cámara, son, arte, postprodución. Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación. Distribución de tarefas e selección de técnicas e ferramentas. Gravación do son, sincrónico e recreado.	17	24		X	
5	A postprodución. Difusión dos contidos audiovisuais e avaliación.	Principais softwares de edición non lineal. Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais, etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.	17	20		X	
6	Iluminación e cor na fotografía e no cinema.	Conceptos básicos sobre iluminación. Simbología e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte fotográficas e cinematográficas. Posibilidades do retoque dixital.	11	16			X
7	Medios auxiliares na narrativa audiovisual.	A posta en escena: localizacións, decorados, caracterización, interpretación, iluminación, movemento. A banda de son. A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática. Especificidades da linguaxes televisiva e publicitaria. Simbología e técnica. As novas linguaxes e formatos televisivos a través de internet.	11	16			X
8	O audiovisual na sociedade contemporánea.	As manifestacións fotográficas e audiovisuais na actualidade. Os medios de comunicación convencionais e Internet.	11	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O audiovisual na sociedade contemporánea.	Principais formatos audiovisuais: curta, media e longametraxe de ficción, documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, anuncio, vídeo educativo, corporativo e institucional, formatos asociados ás redes sociais... Funcións da imaxe audiovisual.	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A fotografía e o cinema.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio.	Coñecer, dun xeito básico, a orixe e a evolución da fotografía e do cine.	PE	40
CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	Ser quen de analizar minimamente as calidades plásticas e semánticas así como os códigos propios da produción audiovisual, nas súas distintas manifestacións.	TI	60
CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	Crear novas e sinxelas interpretacións de obras audiovisuais xa existentes, achegando de xeito creativo ideas e reflexións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. - Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. - Principais correntes en fotografía e cinema.

UD	Título da UD	Duración
2	A linguaxe audiovisual e o medios técnicos.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.	PE	40
CA2.1 - Diseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión.	Propoñer producións audiovisuais propias a partir dunha proposta previa achegando experiencias e criterios persoais e tomando como referencia outros medios de expresión.	TI	60
CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. - Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. - Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. - Funcións da imaxe audiovisual.

UD	Título da UD	Duración
3	Narrativa audiovisual.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir minimamente, con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.	PE	40
CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe, a banda de son e os medios de produción con rigor ético e formal.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada.

Contidos
- O guión técnico e o storyboard.

UD	Título da UD	Duración
4	A produción audiovisual	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir cun mínimo de rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.	PE	40
CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio.	Ser quen de coordinar e organizar un equipo de traballo, dun xeito sinxelo, para unha produción audiovisual que resulte funcional, repartindo as tarefas segundo as habilidades de cada membro.	TI	60
CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos.	Planificar a produción audiovisual tendo en conta o guión, interpretación, gravación e edición contando cos medios necesarios, xustificando a súa elección. Resolver os posibles imprevistos que xurdan.		
CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución. - A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas. - Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. - Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.

UD	Título da UD	Duración
5	A postproducción. Difusión dos contidos audiovisuais e avaliación.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	Analizar o produto audiovisual presentado, comprobando que a linguaxe, os medios técnicos e o formato foron axeitados así como as vías de difusión. Reflexionar sobre todo isto para futuras producións	PE	40
CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.	TI	60
CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevivendo.	Saber planificar e improvisar ante os inconvenientes que podan xurdir durante o produción audiovisual.		
CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Saber elixir as canles de difusión máis axeitadas, atendendo ó seu propósito, desde un punto de vista ético, utilizando contornas seguras e respectando os dereitos do autor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Gravación do son, sincrónico e recreado. - Principais softwares de edición non lineal. - Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
6	Iluminación e cor na fotografía e no cinema.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar minimamente con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.	PE	40
CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.	TI	60
CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevivendo.	Saber planificar e improvisar minimamente ante os inconvenientes que podan xurdir durante o produción audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos sobre iluminación. - Simbología e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía. - Retoque dixital.

UD	Título da UD	Duración
7	Medios auxiliares na narrativa audiovisual.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.	PE	40
CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe, a banda de son e os medios de produción con rigor ético e formal.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movementos. - A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas. - A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática. - As linguaxes da televisión e a publicidade.

UD	Título da UD	Duración
8	O audiovisual na sociedade contemporánea.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio.	Coñecer, dun xeito básico, a orixe e a evolución da fotografía, da televisión, da publicidade e do cine.	PE	40
CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	Ser quen de analizar minimamente as calidades plásticas e semánticas así como os códigos propios da produción audiovisual, nas súas distintas manifestacións.		
CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	Crear novas e sinxelas interpretacións de obras audiovisuais xa existentes, achegando de xeito creativo ideas e reflexións propias.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet. - Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados. - O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Cultura Audiovisual desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino

e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

O fomento no alumnado da exploración a través da linguaxe fotográfica e audiovisual utilizando todos os medios dispoñibles, que poderán abarcar desde cámaras estenopeicas fabricadas polo alumnado, ata teléfonos móbiles e ordenadores, pasando por todo o equipamento propio dunha produción audiovisual que o centro poida proporcionar, coñecendo e dominando conceptos básicos como a exposición, o enfoque, o encadramento e a profundidade de campo como elementos clave necesarios para dominar os conceptos básicos da linguaxe visual.

O uso de distintos métodos e situacións de aprendizaxe que teñan en conta os diferentes ritmos do alumnado, que favorezan a súa capacidade autónoma de aprendizaxe e que promovan o traballo en equipo, tendo en conta as áreas de interese do alumnado e a súas referencias culturais baixo unha visión estimulante e inclusiva e aprendendo a valorar a importancia do proceso, o tratamento da imaxe e o retoque dixital na linguaxe audiovisual.

A participación en diversas tarefas durante unha mesma proposta de creación co aumento gradual da complexidade, co fin de favorecer o progreso de actitudes como a apertura, o respecto, e o afán de superación e mellora.

O fomento no alumnado da utilización dun razoamento lóxico e da análise e xuízo crítico, nas producións alleas e nas súas propias, o que contribuirá á súa formación integral e o desenvolvemento da humildade, da madurez emocional, persoal e académica, da autoconfianza e da socialización; en definitiva, o desenvolvemento da súa intelixencia emocional.

A potenciación do desenvolvemento de competencias que lle permitan ao alumnado un encontro coa creación audiovisual, impulsando a mirar, actuar e facer doutro xeito, estimulando unha conduta creativa que parta de recursos propios e referentes culturais e artísticos especificamente audiovisuais e implicándoo emocional e intelectualmente coa linguaxe que define a nosa época.

A inclusión de contidos transversais referidos á creación de proxectos sostibles, ao consumo eléctrico responsable a intervención mínima no espazo de traballo natural e á seguridade no desempeño das tarefas, o que contribuirá a unha formación global e a unha educación ambiental do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador de sobremesa ou portátil para cada alumno/a.
Cámara de fotos réflex.
Cámara de video
Trípodes, monopés e outros sistemas de estabilización das cámaras
Focos e outras fontes de iluminación
Pantallas e reflectores de luz
Micrófonos e outros instrumentos de gravación de son
Proxector e altosfalantes conectados ao ordenador.
Pantalla de croma.

Programas de edición de imaxe e son.

Libros de consulta na biblioteca do centro

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, compartir información cos compañeiros/as, traballar en equipo, etc. As filmacións e tomas de imaxes poderanse realizar tamén noutros espazos do centro.

O alumnado deberá contar cos dispositivos de captura de imaxes e programas de edición que indique a persoa docente.

Todos os contidos e materiais auxiliares serán proporcionados polo profesorado mediante a aula virtual do centro e outros medios dixitais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PUNTO DE PARTIDA:

É importante para o docente de Cultura Audiovisual coñecer o punto de partida do seu alumnado para poder tomar decisións no caso de ter que mellorar algunha habilidade ou competencia. Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada un dos alumnos/as que o integran, e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Os aspectos sobre os que podemos recoller información para poder mellorar o rendemento poderían ser:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir dende elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

3. INTERVENCIÓN:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes adaptacións, nalgún caso, coa colaboración do Departamento de Orientación:

- Respecto ao currículo (podemos adaptar algunha parte do currículo de ser necesario).
- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda do profesor...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	17	17	11	11	11	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, así como de probas teóricas escritas, cualificándose a nota do seguinte xeito:

- Traballos: 60%
- Proba escrita: 40%

TRABALLOS

Realizarase como mínimo un traballo por cada unidade didáctica e será puntuado de 0 a 10.

É importante que se cumpran as instrucións dadas pola persoa docente en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro. Os traballos entregados fora de prazo verán reducida a súa calificación nun 50% e aqueles traballos entregados con máis dunha semana de retraso non serán avaliados e recibirán a calificación de 0.

PROBA ESCRITA

Realizarase como mínimo unha proba escrita por cada avaliación, onde o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos. Ademais dos coñecementos obxectivos, terase en conta a adquisición do vocabulario específico da materia así como a corrección lingüística na expresión das ideas desenvolvidas. A valoración de cada cuestión de cada proba farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ó inicio de cada unha delas. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas.

Se algún estudante fose descuberto facendo calqueira tipo de fraude no exame terá unha puntuación de 0 e, se é o caso, a repetición de dito exame realizarase en xuño.

NOTA DA AVALIACIÓN:

A nota que aparecerá no boletín de cada avaliación corresponderase co redondeo por truncamento da nota obtiva tras a ponderación de proba escrita e traballos, isto é, desprezar a parte decimal da nota e quedarse unicamente coa parte enteira.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada tendo en conta a nota de cada avaliación previa ó redondeo por truncamento.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 33%
- 2ª avaliación: 33%
- 3ª avaliación: 34%

A nota definitiva calcularase por redondeo aritmético, é dicir, ao enteiro máis próximo.

Criterios de recuperación:

AVALIACIÓN ORDINARIA:

Unha vez avaliado todo o curso, o alumnado que non acadase unha nota mínima de 5 na ponderación das tres avaliacións terá unha nova data para:

- Realizar unha proba escrita de recuperación onde se avalie unicamente dos exames non superados.
- Entregar de novo os traballos cunha nota inferior a 5.

As notas acadadas nesta nova oportunidade substituirán ás recibidas durante o curso para facer o cálculo da nota final ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

O alumnado que non supere a materia en convocatoria ordinaria, poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita onde se avalíen todos os contidos tratados durante o curso:

- Proba escrita: 100%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado que curse o segundo curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente a través da Aula Virtual do centro.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de 2 probas escritas parciais nas datas establecidas polo centro. Estas probas escritas consistirán en dúas partes:

- Unha parte teórica onde se demostre a adquisición dos contidos da materia.
- Unha parte práctica onde se demostre a realización das tarefas propostas no plan de actividades.

A cualificación final será a media aritmética aplicando o redondeo cara ó enteiro máis próximo. O alumnado que no cómputo global destas probas acade unha nota igual ou superior a 5, considerárase como aprobado.

PROBA FINAL

O alumnado que non acade unha nota mínima de 5 no cómputo global das probas escritas parciais poderá presentarse a unha proba final ordinaria nas datas que estableza o centro. Esta proba consistirá unicamente nunha parte teórica onde o alumnado demostre a adquisición dos contidos da materia. No caso de acadar unha nota igual ou superior a 5 considerárase como aprobado.

PROBA EXTRAORDINARIA:

No caso de non superar a materia na proba ordinaria o alumnado terá dereito a facer unha nova proba extraordinaria nos mesmos termos que a proba ordinaria final. A data será establecida polo centro.

6. Medidas de atención á diversidade

Na materia de Cultura audiovisual de 1º de Bacharelato debemos partir da idea de que a aula é un conxunto de diversidade e tamén do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das Unidades Didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Cada curso, como docentes de Cultura audiovisual, podemos enfrontarnos ó reto de ter alumnos con todo tipo de discapacidades, desde visuais e auditivas, ata motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ó noso sistema educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ós alumnos de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, debemos partir dunha avaliación inicial para coñecer ó noso alumnado, a continuación as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- En caso de que un/ha alumno/a non acade os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.

- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaremos adaptacións de accesibilidade ó currículo así como recursos de apoio que o favorezan.

- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta un recurso crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ó alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución.
- No caso de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo podería optar á prolongación da escolaridade a través da fragmentación, dividindo os cursos en dous ou tamén habería a posibilidade de realizar o bacharelato en tres cursos, sempre que se favoreza a integración socioeducativa deste alumnado e lle permita a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. En todo caso sempre será decisión do departamento de Orientación en colaboración co equipo directivo e os profesores do grupo.
- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X		X				X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X		X				X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.			X	X	X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X		X		X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X		X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.			X	X	X		X	X
ET.9 - Creatividade.		X	X	X	X	X	X	
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.				X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.				X	X	X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X			X	X	X	X	X
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X	X	X	X	X	X	

Observacións:

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Visitas a espazos expositivos ou empresas da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, estudos de filmación, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.			
- Visitas virtuais a espazos expositivos ou empresas.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.			
- Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigos alumnos/as do centro que empezan a súa carreira laboral, estudantes...			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.			
- Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como ao Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...			

Observacións:

As actividades planificaranse a principio de curso na medida do posible, tendo en conta que na nosa área estamos suxeitos á programación de institucións e empresas, que non ten por que coincidir coa do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Anoto as modificacións na programación que se consideren pertinentes cada curso (temporalización, criterios avaliación, contidos...)
Dou a coñecer o primeiro día de clase os elementos básicos da programación e os criterios de avaliación que terán dispoñibles durante todo o curso.
Dou a coñecer en cada unidade a estrutura do que se vai tratar e o que o alumnado terá que traballar.
Dou a oportunidade ó alumnado de traballar individualmente, en parella o por grupos de diferentes membros.
Propoño diferentes tipos de tarefas na aula: dirixidos, pechados, voluntarios, proxectuais, prácticas cara o exame, presentacións...
Aplico distintos recursos na aula: lección maxistral, presentacións, documentais, vídeos, libros de texto, apuntamentos, páxinas web, blogs...
Animo ó alumnado a participar en debates na clase, durante as explicacións, proxeccións cinematográficas, presentacións...
Motivo aos alumnos que teñen maiores coñecementos para que servan de guía para os seus compañeiros.
Teño en conta a diversidade da aula na programación e no día a día da clase e nas diferentes tarefas organizadas.
Trato de axudar e encamiñar ó alumnado que empeza a descolgarse desde principio de curso con explicacións individuais e tarefas voluntarias de práctica.
Valoro ao fin de cada unidade didáctica e de cada trimestre se os resultados foron axeitados así como a temporalización e a idoneidade dos recursos.
Utilizo distintos tipos de probas á hora de avaliar para valorar as distintas destrezas do alumnado.
Teño en conta o avance do alumnado e o punto de partida ademais da nota final.
Avalio tamén as competencias e non só os contidos.
Trato de buscar unha solución ós malos resultados cara as seguintes avaliacións ou tarefas avaliáveis.

Poño exemplos de tarefas ben resoltas por alumnado de outros cursos para que lle servan de guía ó alumnado.
Implemento rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían.
Controlo que o emprego da aula virtual sexa axeitado por parte do alumnado e que acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.

Descrición:

Para poder avaliar a nosa práctica docente é necesario establecer indicadores de logro como os mencionados, deseñar procedementos axeitados para recoller os datos e as reflexións ó respecto, analizar os resultados obtidos e propoñer melloras cara a outros trimestres ou cara ó próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Merece especial reflexión a modificación ou non dos criterios de avaliación en relación aos resultados obtidos no curso anterior.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Lembremos que a programación, e especialmente, os criterios de avaliación, deben ser accesíbeis para o alumnado. Podemos entregarlles unha copia, poñela no taboleiro da titoría ou preferiblemente mostralos a través da aula virtual do centro e da materia.

9. Outros apartados